

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11115M	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-06-17 10:15

Número 5 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á supresión do sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas.

Destinatario

15078DCMG11115MR



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 23 de xuño de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 5 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA Á SUPRESIÓN DO SISTEMA ORA NA RÚA XENERAL PARDIÑAS.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 20 de xuño de 2017, do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia. Así mesmo, do informe da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, da mesma data, e cuxo teor literal é o seguinte:

"Visto o informe do técnico deste servizo de data 15 de xuño de 2017 no que se pon de manifesto que na xuntanza de coordinación de circulación, que semanalmente estase a celebrar, na correspondente o día 14 de xuño acordouse que as prazas de aparcamento que quedan reguladas pola ORA despois do horario de carga e descarga na rúa Xeneral Pardiñas sería conveniente modificalas e convertilas en prazas de aparcamento como máximo 15 minutos. A razón que motiva esta modificación é a necesidade de paliar a eliminación de prazas de aparcamento como consecuencia da reurbanización da rúa Montero Rios, e aumentar a rotación de prazas nunha zona eminentemente comercial. A rotación estaría permitida ata as 22:00 hroas que é cando remata, quedando liberado o aparcamento da restrición temporal, de xeito que ata o inicio do horario de carga e descarga as 7:00 horas podería aparcarse sen limitación temporal.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11115M	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 23-06-17 10:15

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, propónse, acordar:

A SUPRESIÓN do sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas polos motivos expostos anteriormente, reconvertindo ditas prazas, co fin de aumentar a rotación, en prazas de estacionamento de no máis de 15 minutos ata as 22:00 horas. Dende esa hora ata as 7:00 horas (intre no que comenza o horario de carga e descarga) o aparcamento sería libre.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización de zona conforme o acordo que se adopte."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Suprimir o sistema ORA na rúa Xeneral Pardiñas, polos motivos expostos no informe transcrito, reconvertendo ditas prazas, co fin de aumentar a rotación, en prazas de estacionamento de non máis de 15 minutos ata as 22:00 horas. Dende esa hora ata as 7:00 horas (intre no que comeza o horario de carga e descarga) o aparcamento sería libre.

Para xeral coñecemento este acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización de zona, de conformidade co mesmo.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

